

NÚMERO 7/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE MAIO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e seis de maio de dous mil dezaseis, reúne o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, escusando a súa ausencia, a concelleira D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédeuse ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión 2/2016, de 25 de febreiro.-

Sométese a aprobación a acta da sesión 2/2016, de 25 de febreiro. O sr. Anido, en relación cunha intervención do sr. Tenreiro que figura na páxina 6 do documento, quere que consten na acta outras manifestacións que fixo dito concelleiro, lembrando o sr. Secretario que en varias ocasións xa ten explicado cal é a regulación legal e a función xurídica da acta, que non é a de recoller verba por verba o que se di no acto, para iso está a gravación da sesión. Insiste o sr. Anido na súa petición apelando á súa condición de representante público, porque considera moi transcendental o que se dixo na sesión, explicando o sr. Secretario que este é un trámite para corrixir posibles erros da acta, a responsabilidade pola redacción da cal só corresponde ao secretario, que xa indicou en varias ocasións que conforme á lei a acta ten que recoller as opinións sintetizadas dos grupos ou membros que interveñen nas deliberacións, que el xa recolle con extensión bastante as intervencións e que non está disposto a permitir que se lle dite como ten que redactar as actas. Reitera o sr. Anido que persoalmente lle parece moi transcende que consten na acta determinadas verbas, sendo novamente informado polo sr. Secretario de que se hai algún erro na acta corrixirase inmediatamente, pero non se vai recoller na mesma o que queira un determinado concelleiro senón o que a lei manda que se recolla. O sr. Anido di que se non constan na acta as verbas do sr. Tenreiro que el quere reflectir, o seu grupo non a aprobará.-

Efectuada votación apróbase a acta nº 2 de 25-2-2016 por dez votos a favor e seis en contra.-

2º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de medidas para a inclusión social.-

A concelleira delegada sra. Reimúndez expón o proxecto de Regulamento de medidas para a inclusión social, redactado para o desenvolvemento de medidas, prestacións e actuacións destinadas a posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social, corrixir as desigualdades e axudar a cubrir as necesidades básicas das persoas ou familias en situación de exclusión ou risco de exclusión social no concello de Sada. Fala a sra. Reimúndez da importancia do labor dos Servizos sociais municipais nun marco de crise económica coma o actual, dos datos estatísticos que ofrece o Consorcio das Mariñas que serven para coñecer cal é a situación social actual en Sada, con relación a outros concellos da área metropolitana, e o volume de usuarios dos servizos municipais, e en xeral das consecuencias dos recortes e da conxelación das partidas de gastos para servizos sociais. Considera que esta situación obriga ao Concello a artellar unha regulación da concesión de axudas de emerxencia social pola gran demanda das mesmas e para ter un control rigoroso do gasto público. E a dita finalidade obedece este regulamento, redactado polas técnicas municipais de servizos sociais, especificando as distintas axudas que contempla o Concello, os criterios para a súa concesión e a tramitación que deben seguir todos os veciños e veciñas máis necesitados. Expón a sra. Reimúndez a estrutura e contido do regulamento, os distintos tipos de axuda que contempla e os trámites a seguir para a súa aprobación.-

O sr. Gómez pensa que poucas veces pode un grupo da oposición votar con tanta satisfacción un asunto como o que agora se trata, vaise contribuir con isto a que os sadenses máis necesitados teñan unha vida algo menos difícil. Facilitar axudas deste tipo é unha obriga para todo goberno que se preze, aínda que a algún goberno, como o do sr. Anido, pouco lle importaba a situación dos veciños máis desfavorecidos, chegando a expulsar do goberno ao PDSP por pedir que os fondos da coordinadora se dedicasen a emerxencia social.-

A sra. Bolaño di que por suposto van votar a favor deste regulamento e que no acordo deste goberno municipal xa viña reflectida a vontade de aumento das partidas en gasto social, como xa se fixo nos

orxamentos, agarda que ese compromiso de todos os grupos que forman o goberno sexa así ano tras ano e estas axudas sexan suficientes para garantir a dignidade das persoas porque ao final estas axudas son de emerxencia social, destinadas a casos nos que as familias están nunha situación límite.-

O sr. Montouto manifesta que como dixo antes a concelleira de benesta o papel dos servizos sociais é fundamental e non debe ser unha illa de traballo estanco, senón que debe estar sincronizado co traballo que se realiza nas distintas áreas municipais. As axudas de emerxencia social están destinadas a cubrir os gastos necesarios para o mantemento da vivenda habitual, gastos relativos ás necesidades primarias tales como vestido, educación, formación, atención sanitaria non cubertas polos diferentes sistemas públicos, así como os gastos de endebedamento previos orixinados por algúns dos gastos anteriormente mencionados. Este regulamento contribúe a racionalizar as axudas de emerxencia social, ás que hai que facer fronte durante todo o exercicio económico redistribuíndo racionalmente as partidas e chegando por exemplo a medidas de negociación coas empresas subministradoras de enerxía para combater a pobreza enerxética.-

A sra. Salorio di que non lle cabe dúbida da capacidade das traballadoras dos Servizos Sociais que ela dirixiu, que a elaboración dunha norma como esta é algo que ven xa de lonxe, que o seu articulado reflicte a experiencia das funcionarias encargadas do servizo e o estudo detallado dos defectos detectados ao longo dos anos e dos casos atendidos na xestión diaria, é absolutamente necesario regulamentar deste xeito estes servizos, non é algo que se poida deixar ao libre albedrío do político de turno. Ela puntualizaría só que o artigo 3 fala en plural dos establecementos concertados para cambiar vales polos produtos de alimentación e hixiene, ata agora ditos vales só se podían cambiar nun único establecemento e sería positivo, na súa opinión, que se concertara con máis establecementos para que os usuarios puideran escoller así como adquirir o tipo de alimentos e produtos de primeira necesidade que prefiran. Solicita que se teña en conta esta suxestión e di que o seu grupo dará o seu apoio a este documento.-

A sra. Reimundez di que se trata dun documento técnico que as traballadoras sociais reclamaban desde hai anos, pero hai tamén que ter a intención política de traelo a Pleno. Respecto aos establecementos concertados, queda claro no artigo 3 que non se está falando dun soamente, aínda que hai que ter en conta que moitos establecementos non aceptan as condicións de pago que lles propón o concello.-

A sra. Salorio di que aínda que o goberno anterior non o trouxo ao pleno, xa levaba tempo traballando neste regulamento, e co traballo avanzado como estaba, ao novo goberno municipal custoulle un ano traelo a pleno.-

O sr. Suárez pregunta se o grupo PP vai aprobar ou non o regulamento, porque tiveron catro anos para facelo e non o aprobaron, mentres que o novo goberno foi o que incrementou a partida de emerxencia social e o que en bastante menos de un ano somete o regulamento a aprobación, certo que é obra dos Servizos Sociais, pero como dixo a concelleira de benestar social, a vontade política tamén existe aquí. A sra. Salorio di que co traballo feito non fai falta moito tempo para traer os asuntos a aprobación.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento de medidas para a inclusión social, cuxo texto figura no expediente.-

2º.- Expoñer ao público dito regulamento mediante anuncios no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxestións polos interesados, que serán resoltas pola Corporación. De non producirse reclamacións no prazo sinalado, o regulamento entenderase aprobado definitivamente.-

Control de Órganos de Goberno:

3º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 25-4-2016 a 20-5-2016.-

- O sr. Alcalde, á vista dunha moción presentada polo grupo PP, quere informar de que a semana pasada solicitou oficialmente a adhesión do Concello de Sada ao programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia, así llo comunicou á Conselleira de Infraestruturas e xa ten pensado que van formar parte da mesa mixta para o seguimento da adxudicación das vivendas a concelleira de Benestar e o concelleiro de Urbanismo. Pensaba que isto era coñecido, porque saíu na prensa, ata que viu a moción presentada.-

4º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular de adhesión ao programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico o sr. Anido presenta a moción do grupo PP de adhesión ao programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, xustificando a urxencia en que se trata dun programa que xa ten semanas, e esta é unha moción institucional do PP que este leva a todos os plenos e que é consecuencia das políticas sociais da Xunta de Galicia, considera a urxencia mais que xustificada.-

O sr. Alcalde informa de que o goberno municipal xa tiña o desexo de facer algo similar desde o Concello, pero por unha cuestión de competencias non se puido introducir unha partida para este fin no orzamento, de aí que se aproveitara a posibilidade de colaboración coa Xunta nesta materia, dado que en Sada hai moitas vivendas baleiras; informouse nos servizos xurídicos sobre se este convenio debía ser sometido ao Pleno e ao saber que é competencia da Alcaldía pediu cita para asinalo.-

O sr. Anido di que o sr. Alcalde enviou un correo á Conselleira o día 20 solicitando unha reunión para a sinatura do convenio, que se trata non de unha medida senón de doce medidas que se explican nun folleto da Xunta de Galicia, do que o sr. Alcalde non informou aos veciños por non dar a razón ás políticas sociais do PP.-

O sr. Alcalde di que este programa se adapta ben ás necesidades de Sada, que el propuxo incluso unha addenda ao convenio que contemplara a posibilidade de colaboración dos concellos na parte económica; hai medidas sociais da Xunta que son correctas e esta é un exemplo claro e evidente, por iso imos adherirnos, apoiarán todo o que sexa bó para o pobo. Di que nas actas da Comisión executiva da FEGAMP aparece o sentido do seu voto sobre esta materia.-

Acto seguido o sr. Alcalde somete a votación a declaración de urxencia da moción, que é desestimada por dez votos en contra e seis a favor.-

5º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Di que o anterior goberno municipal efectuou a contratación de diversas obras de plan provinciais e da xunta e sorprendentemente os contratos foron adxudicados a un reducido número de empresas por procedemento negociado sen publicidade, ao que só poden concorrer as empresas que invite o alcalde, e roga ao sr. Alcalde que lle facilite certificado da Secretaría coa relación das obras copntratadas por dito procedemento entre os agosto de 2011 e maio de 2015, porque se as súas sospeitas son certas trasladarán o asunto á Xusticia. O sr. Alcalde responde que debe facer por escrito esta solicitude e prega ao concelleiro que non utilice o apartado de control do goberno para controlar ao anterior goberno.-

2) Pregunta o sr. Gómez se apareceu o expediente de contratación do arquitecto sr. Corredoira que estaba na alcaldía durante o anterior goberno, sendo informado polo sr. Alcalde de que non apareceu.-

O sr. Tellado roga que se publique na web municipal a obra do carril bici que se vai realizar dentro do PAS 2015, para que os veciños poidan dar a súa opinión ao respecto.-

O sr. López Mallo, en relación cunha tala masiva realizada no lugar chamado Castro de Sadarriba, zona de especial protección, sen proxecto arqueolóxico e en extensión moi superior á solicitada, pregunta qué seguimento ordenou a Alcaldía realizar á Policía Local, que informes emitiu esta sobre o asunto e por qué o seu grupo non tivo aínda acceso a ditos informes solicitados o 7 de xaneiro.-

O sr. Anido presenta os seguinte rogos e preguntas:

1) Pregunta de quen foi a idea, ao seu xuízo desafortunada, de pedir aclaración da sentenza que afecta aos traballadores municipais, aclaración que en opinión do seu grupo debería corresponder ao demandante, D. Benedito Álvarez.-

2) Di que hoxe fai seis meses desde que o sr. Alcalde lle dixo a saber onde estará vostede dentro de seis meses, en relación co cal pregunta ao sr. Alcalde se quería con iso facer referencia á súa situación como ameazado e se o sr. Alcalde sabe algo que el deba poñer en coñecemento do Ministerio do Interior. O sr. Alcalde responde que nunca desde que está en política ameazou a ninguén nin fixo comentario ameazante, nin ten coñecemento de que o sr. Anido estea ameazado, nin moito menos o vai el a ameazar ou a meterse coa súa familia, o sr. Anido a día de hoxe xa non pode dicir o mesmo.-

3) Di que o pasado día 18 tivo lugar unha reunión dos alcaldes da comarca pola conexión da Vía Ártabra coa AP-9 á que asistiu o concelleiro sr. Montouto en lugar do sr. Alcalde, que foi o único alcalde que non asistiu; pensa que a importancia desta reunión era moito maior ca da reunión da FEGAMP e roga que o sr. Alcalde tome isto en consideración. O sr. Alcalde responde que á ultima comisión da FEGAMP leváronse asuntos moi importantes, entre eles a ratificación do programa de vivendas baleiras, e era necesario que el estivera alí; di que ten a sorte de contar cun equipo de goberno con xente moi cualificada e coñecedora da materia da mobilidade, e por iso puido perfectamente delegar nel, quen nesa reunión solicitou a supresión do túnel de Fontán; considera que Sada estivo alí moi ben representada.-

O sr. Anido fala sobre a oposición do goberno municipal ao túnel de Fontán. A sra. Bolaño di que estamos na quenda de rogos e preguntas e non procede ese tipo de debates, que se respecte o regulamento Orgánico, porque senón o PSOE tamén pedira debater.-

O sr. Gómez pregunta se cando chegou ao Concello a sentenza sobre os traballadores municipais no 2014 e a mesma podía recorrerse, cando o sr. Anido era alcalde, se este recorreu dita sentenza. Como non a recorreu, non ten nada que dicir agora, a avogada que levaba o asunto veu ao concello para informar ao sr. Anido de que tiña que recorrer, pero este non o fixo. O sr. Anido di que o Concello non se personou porque isto non servía mais que para estar informado da situación xurídica. A situación en que agora se achán moitos traballadores municipais é culpa dos sres. Rodríguez Ares e Gómez, e foi un erro pedir a aclaración da sentenza.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte horas e cincuenta e un minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-